

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o día 10 de xullo de 2018, aprobou a modificación do Acordo do Consello de Goberno de 12 de maio de 2017 de recoñecemento de créditos nos estudos de grao segundo o disposto no artigo 12.8 do R.D. 1393/2007 sobre competencia en información, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2018, co V<sup>o</sup> e prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor



Antonio López Díaz





## RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS NOS ESTUDIOS DE GRAO POLA SUPERACIÓN DOS CURSOS DE COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN ORGANIZADOS POLA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

O acordo do consello de goberno de 12 de maio de 2017 de recoñecemento de créditos nos estudos de grao establece no seu parágrafo sexto, seguindo o disposto no artigo 12.8 do real decreto 1393/2007, a posibilidade de recoñecemento dos cursos de competencias informáticas e informacionais da USC.

A pesar de que dita formación foi impartida durante os últimos anos pola Biblioteca Universitaria, a realidade é que non se aplicou o recoñecemento de créditos ECTS dado que non se daban as condicións organizativas que permitisen unha estandarización en contidos, criterios de avaliación, etc., que os fixesen homologables entre os distintos centros. Téndose alcanzado este último curso académico a madurez desexada en canto ao exposto, procede dar plena efectividade ao recoñecemento de créditos ao alumnado que supere os devanditos cursos, aproveitándose a oportunidade para corrixir algúns aspectos do texto do mencionado acordo para adaptala ao programa e a denominación actual dos cursos, que a partir do curso 2018-2019 denominaranse CURSOS DE COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN organizados en exclusiva pola Biblioteca Universitaria.

É polo exposto, que o consello de goberno, na súa sesión do 10 de xullo de 2018,

### **ACORDA.-**

**UNICO.-** Modificar o parágrafo SEXTO do acordo do consello de goberno de 12 de maio de 2017 de recoñecemento de créditos nos estudos de grao segundo o disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, que quedará redactado como segue:

### **SEXTO.- CURSOS DE COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN ORGANIZADOS POLA BIBLIOTECA DA USC**

**6.1.-** Poderán recoñecerse créditos nas titulacións de grao pola adquisición de competencias en información a través dos cursos que estableza a Universidade con base no programa de formación proposto pola Biblioteca Universitaria.

**6.2.-** As actividades formativas, a efectos do seu recoñecemento, deseñaranse en dous niveis, cun traballo por parte do alumno de 25 horas por nivel:

- **Inicial ou básico:** dirixido ao alumnado de primeiros cursos de Grao
- **Medio ou avanzado:** dirixido ao alumnado de últimos cursos de Grao

Estes dous niveis serán independentes entre si, non sendo un requisito ter recoñecido o primeiro nivel para acceder ao seguinte.

A petición do interesado poderá recoñecerse 1 ECTS por cada un dos niveis (25 horas de actividade acreditada).

**6.3.-** Os programas dos cursos aprobaranse por Resolución reitoral a proposta da Biblioteca Universitaria.

**6.4.-** A acreditación da superación dos cursos será asinada pola dirección da Biblioteca Universitaria. Por resolución reitoral establecerase o procedemento de aprobación dos cursos e a xestión dos recoñecementos.

**6.5.-** Unha vez superada a actividade, os alumnos interesados deberán solicitar a imputación no seu expediente dos ECTS correspondentes. Esta imputación non devengará prezos públicos.